



## ACTA DA SESIÓN DO GRUPO DE TRABALLO MIXTO ENCARGADO DO PROCESO SELECTIVO DO OBRADOIRO DE EMPREGO “MAIV GARANTIA XUVENIL 2017”

Nas dependencias do Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar de Pontevedra en Vigo, sendo as nove horas do día 3 de outubro de 2017, reúnense:

- En representación do Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar de Pontevedra en Vigo:
  - Dona Almudena Calvo Domingo, actuando en calidad de presidenta deste grupo de traballo mixto.
- En representación da Mancomunidade de Vigo.
  - Don Pedro Firvida Diz.
  - Dona Lourdes González Salceda

Faise constar que todos os presentes teñen voz e voto e que a presidenta ten voto de calidad.

A finalidade desta sesión e acordar a selección do posto vacante de “DIRECCIÓN”, debido á renuncia da persoa que ocupaba dita praza.

Tendo en conta as seguintes circunstancias:

- Na Base Décimo Cuarta, apartado 1 do proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio do obradoiro de emprego “MAIV GARANTÍA XUVENIL 2017”, establecese a existencia dunha lista de reserva para cubrir as posibles vacantes.
- Non obstante, a lista de reserva xa se esgotou, xa que dos tres candidatos chamados a entrevista, o de maior puntuación (Jose Luis Abraira Arias) renunciou antes do inicio do proxecto, o suplente (Victor Angel Varela Caride) presentou a renuncia o 24 de outubro de 2017 e a terceira candidata quedou eliminada por non presentarse.
- Así mesmo, na Base Décimo Cuarta, apartado 2 establecese o seguinte: *“No suposto de que a lista de suplentes se esgotar ou que ningúén dos seus integrantes estiver dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, poderase utilizar (a criterio do grupo de traballo mixto) a relación de candidatos que, tendo puntuación na fase de baremación do currículo, non fosen chamados a entrevista, proseguindo o procedemento establecido nas bases”*.
- Segundo os resultados da fase de baremación, temos que existen dous candidatos con puntuación que non pasaron á fase de entrevista no seu día xa que a Base Novena establece que *“...pasarán á fase seguinte (sempre que haxa candidatos), tres candidatos por orde de puntuación.”*

Os dous candidatos que quedaron na fase de baremación e non pasaron a entrevista para o posto de DIRECCIÓN, coas correspondentes puntuacións, son os seguintes:



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial de Pontevedra - Sede Vigo  
Servizo de Orientación e Promoción Laboral

Edificio Administrativo da Xunta de Galicia  
Concepción Arenal, 8, andar 2  
36201 Vigo

**Sección Obradoiros de Emprego**  
Teléfonos: 986 817 033 // 986 817 022



NIF/NIE	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN CV
36031375-N	MARTINEZ LATORRE, ADOLFO	3,96
36106509-M	FERNANDEZ COBIAN, RAQUEL	1,04

e por outro lado, dadas as datas de desenvolvimento do proxecto, iniciado o 29 de setembro pasado, e por razón de eficacia e axilidade na cobertura do posto adóptanse os seguintes acordos POR UNANIMIDADE:

Primeiro.- Retrotraer o procedemento selectivo do posto de DIRECCIÓN ao momento de convocatoria para a fase de entrevista recollida na Base Décima, en base ao establecido na Base Décimo Cuarta, Punto 2.

Segundo.- Proseguir, dende ese punto, o procedemento de selección establecido nas bases e pasar á fase de entrevista aos candidatos/as participantes no proceso de selección da praza de Dirección que, tendo puntuación na fase de baremación, non foron chamados a entrevista.

Terceiro.- Convocar aos candidatos/as baremados/as, D. Adolfo Martínez Latorre e Dª Raquel Fernández Cobian, á entrevista que terá lugar o venres, día 10 de novembro ás 12.00 horas nas dependencias da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria (Edificio administrativo da Xunta de Galicia, rúa Concepción Arenal nº 8 – 2<sup>a</sup> planta, en Vigo).

E non habendo máis asuntos que tratar, dase por rematada a sesión, sendo as dez horas do día antes indicado, asinando os asistentes a presente acta, por duplicado exemplar, en proba de conformidade.